

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 14/04/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14/04/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

CARLOS COIRA LOJO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07-abr-2025, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/1247

Dáse conta do escrito presentado por Caritas Diocesana de Santiago de Compostela solicitando a reserva de espazo para dous vehículos diante das instalacións, situadas en Avda. Rosalía de Castro nº 28, para o servizo de reparto de comidas a domicilio.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a reserva de espazo para un vehículo, anexa á entrada de acceso ao local para o uso exclusivo da entidade.

PRP2025/1279

Dáse conta do escrito presentado por D. Cristian Perol Cores, con número de rexistro de entrada 2025003830, titular do patinete eléctrico inmovilizado con número de acta 35/2025, por circular a velocidade excesiva, e no que di que o mesmo cumpre cos requisitos legais para circular pola vía pública e que dispón de certificado da DGT, e solicita a devolución do mesmo.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica o seguinte:

O día dos feitos, recíbese un aviso en sala 092 informando dun patinete eléctrico circulando a gran velocidade polas rúas peonís.

Ao localizar ao condutor, móstranos o patinete e os policías poden observar na pantalla do mesmo que a velocidade máxima que alcanzaba o vehículo era de 69,9 km/h e unha velocidade media de 23,7 km/h, polo tanto, se o vehículo estivese limitado a 25 km/h, dificilmente podería alcanzar esas cifras.

Que na páxina web da marca do patinete afirma que o aparello é capaz de alcanzar 70 km/h, aínda que de fábrica sae limitado a 25 km/h, o que lle permite obter o certificado de homologación da DGT. Que no momento no que o aparello pasa do 25 km/h, aínda que teña a homologación da DXT, deixa de ser un Vehículo de mobilidade persoal (VMP) para convertirse nun artefacto que carece de autorización para circular en vía pública.

Que por todo o exposto anteriormente, procedeuse á inmovilización e a denuncia por estes feitos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar as alegacións presentadas non accedendo á devolución do patinete eléctrico por non axustarse ao indicado no certificado de homologación da DGT.

PRP2025/1282

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que os vehículos con indicativos V4 e V5 presentan avarías que fan imposible o seu uso policial (motocicletas).

As avarías que se aprecian son as seguintes:

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda pola xefatura a solicitar os correspondentes orzamentos para a reparación dos vehículos indicados(motocicletas).

PRP2025/1300

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Cultural San Xoan de Bamio, solicitando autorización para organizar a "II Gran Comida Popular de Bamio", no Campo da Festa de San Xoán, o día 17 de maio de 2025, a partir das 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1365

Dáse conta do escrito presentado por D. Felix Galbán Alcalde, solicitando a colaboración municipal en relación á nstalación de fibra óptica nas Rúas de Sobradelo, Rúa 5 e Rúa Malladoira.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2025/1376

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Durán Oliveira, en representación de AMAVERO 2015 SL denunciando a existencia de ramas que invaden a vía pública, en Camiño do Piñeiro nº 18, Renza, así como a existencia de cámaras de vixilancia orientadas cara o exterior da propiedade.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda requirir a Dona Purificación Cores Padín, propietaria do inmovible citado para que proceda a cortar a vexetación que sobresa da súa propiedade.

Así mesmo en relación coa instalación de cámaras deberá proceder á retirada das que estean orientadas á vía pública ou a outras vivendas e terreos privados lindeiros.

Comunícaselle que a normativa para a instalación de cámaras de seguridade en vivendas é a seguinte:

O Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) e a Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de dereitos dixitais (LOPDGDD).

Estas normas establecen os requisitos e obrigacións que deben cumprir tanto responsables como encargados do tratamento ao instalar cámaras de vixilancia para particulares, as zonas onde non se pode poñer unha cámara de seguridade, a prohibición de gravar a vía pública, os límites para gravar audio coas cámaras, que maioría de propietarios é necesaria para permitir a instalación de cámaras na comunidade de veciños, así como que medidas de seguridade aplicar e que documentación é necesario levar, ademáis de establecer o período máximo de conservación das gravacións nun mes desde a súa captura.

PRP2025/1304

Dáse conta do escrito presentado por Partido Socialista de Galicia PSdeG-PSOE, solicitando autorización para. ocupación de vía pública no Parque Miguel Hernández para celebración dun acto o día 14 de abril de 2024, ás 19:30 horas, no Monumento das Rosas Rotas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/1310

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de marzo de 2025, por un importe total de 9.000,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1200,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1150,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	1250,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	6	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1150,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €

SARMIENTO							
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	200,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	3	x 50,00 €	550,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
T O T A L							9000,00 €

PRP2025/1311

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período ddo 1 ao 31 de marzo de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total
PARTIDO POPULAR				
G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
T O T A L	7.700,00 €			

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/1341

Dáse conta pola Concellería de Educación, á Xunta de Goberno Local, que con data febreiro 2025, xa está a información ano 2024 conformada no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, obriga que se desprende pola Lei Xeral de Subvencións 38/2003, en virtude do disposto no artigo 20, de obrigada remisión de información relativa a subvencións e entregas dinerarias sen contraprestación á IGAE para a súa inclusión na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

Resultan os seguintes códigos:

- Código BDNS 2024 / 744038

Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo o terceiro curso do Programa Universitario de Maiores IV Ciclo

- Código BDNS 2024 / 807529

Axudas á educación infantil 2024/2025

- Código BDNS 2024 / 807540

Axudas estudantes universitarios ou ciclos superiores que realicen os seus estudos fóra do termo municipal 2023/2024

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1342

Pola Concellería de Educación dáse conta das deficiencias detectadas tras levar a cabo tarefas de prevención contra incendios no CEIP A Escardia.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa M.C . Mantenimientos Contraincendios SLU para corrixir as deficiencias detectadas, por un importe de 1.897,00€ + 21% IVA = 2.295,37€, con cargo á partida 320.213.

O orzamento inclúe: 7 unidades sinalización extintor fotoluminiscente homologada, 5 unidades sinalización boca de incendios equipada, 6 unidades suministro boca de incendios equipada, 1 unidade armario, 1 unidade extintor polvo e 1 unidade sinalización extintor exterior caldeira.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1345

Vista a proposta da Concellería de Educación dando conta da próxima celebración da V Edición "Camiños do Coñecemento", no que se impartirán 3 seminarios que teñen como obxectivo principal favorecer a democratización do coñecemento, potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos. As actividades se levarán a cabo os días 16, 19, 21, 23, 26 e 27 de maio, en horario de 16:30 a 18:00 horas, na sala de Conferencias do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada V Edición "Camiños do Coñecemento".

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO CICLO DE CONFERENCIAS:

- Ser maior de 50 anos e ser residente na comarca do Salnés
- Asistir á totalidade dos seminarios

INSCRIPCIÓN PARA PARTICIPAR NO CICLO DE CONFERENCIAS:

O prazo de presentación de inscricións será do luns 21 ao martes 29 de abril, ambos incluídos.

Aforo: 100 persoas, segundo orde de presentar a solicitude.

Formas de presentación:

- Presencialmente no rexistro do Concello de Vilagarcía de 8:30 a 14:30
- A través da sede electrónica (sede.vilagarcia.gal)

É preciso asistir a todas e cada unha das sesións, non sendo válido participar unicamente nalgún seminario.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Vilagarcía porase en contacto con cada un/unha dos solicitantes para confirmar a praza solicitada.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1281

Dáse conta de proposta do Servizo de Medio Ambiente, na que se indica que na actualidade hai instalada unha rede entre árbores, para acceder a ela hai diversas plataformas de madeira; estas

plataformas atópanse moi cinguidas ao tronco das árbores polo que están a afectar seriamente ao seu desenvolvemento. Por este motivo é necesario retirar estas plataformas elementos canto antes para liberar as árbores. A idea sería colocar un balancín e unha instalación de parkour. Escolleuse a estrutura de parkour polos seus beneficios para as crianzas e por resultar algo similar á instalación que se vai retirar xa que estimula o equilibrio, balanceo e escalada e fortalece a estabilidade do corpo.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa JUEGOS KOMPAN SA, por un importe de 14.988,00 € (IVE EXCLUÍDO) 18.135,48 € (IVE 21% incluído), con cargo á partida 171-22615, pola retirada de catro elementos existentes no parque infantil de Matosinhos por estar deteriorados e causar danos as árbores e colocación dun balancín e unha instalación de parkour.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1362

Vista a proposta da Concellería de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Rey Procesos de Fundición SL, por un importe total de 1.210,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22799, para limpeza e pulido de placa do monumento das rosas rotas instalado no Parque Miguel Hernández.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1363

Vista a proposta da Concellería de Parques e Xardíns na que indica que e necesaria a reposición dunha ánfora na balaustrada do peche do Parque Compostela por roubo da que estaba instalada, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Rey Procesos de Fundición SL, por un importe total de 1.815,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.215, o subministro de ánfora de asas e base de forxa para a súa colocación no Parque Compostela.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1373

O día 12 de febreiro 2024 asinouse un convenio entre a entidade “ DALLE QUE DALLE SCG” e o CONCELLO VILAGARCAI DE AROUSA polo proxecto Esclimatic “ Ferramentas para a planificación dos impactos do cambio climático nas zonas costeiras”. Partindo dos antecedentes relacionados, en aplicación da normativa e logo do exame da documentación presentada pola entidade beneficiaria, polo Departamento de Medio Ambiente considerase que procede dar por cumprido o obxecto do convenio.

Vistos os documentos presentado pola entidade Dalle que Dalle SCG e vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Dar por xustificado, o convenio asinado coa Entidade Dalle que Dalle SCG.

Segundo: proceder ao aboamento dos 2.000,00€.- (DOUS MIL EUROS) con cargo á partida 1720.489.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/1331

Pola Area de Igualdade Cim, propónse a realización dunha campaña de sensibilización sobre Igualdade de Xénero e prevención das violencias machistas no mundo do deporte xuvenil, no marco da Basket- Cup da Basket-Cup Helena Mariño

Mediante Resolución de transferencias, do 17 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2023 (BOE 20 de xullo de 2023). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 24.288,28 €.

A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas.

Seguindo esta liña, propónse continuar coas campañas de prevención das violencias machistas e de sensibilización en igualdade no marco da celebración da Basket-Cup Helena Mariño, aproveitando o poder de convocatoria deste evento anual, que reúne a multitude de equipos de baloncesto de distintas partes do estado en idades adolescentes e preadolescentes, tal como vimos facendo os últimos anos.

A campaña vai constar dunha parte parte gráfica con lonas, cartaces, e camisetas para visibilizar a campaña no espazo de celebración do torneo

As lonas e cartaces serán os mesmos que xa foron deseñados e impresos para a edición do pasado ano, que se volverán a usar os días dos torneos no pabellón de FEXDEGA.

As camisetas destinadas ao persoal da organización e mais dos clubs si que serán impresos novamente.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SERIGAL4, SL, por un importe total de 607,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.226, para subministro e impresión de 100 camisetas serigrafiadas para o citado evento.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1351

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Secretaría Xeral da Igualdade por importe de 45.000,00€, facendo constar:

Primeiro: Que no 2024, para o mantemento do CIM se lle deu a este Concello unha subvención da Secretaria Xeral da Igualdade po importe de 45.000,00€

Segundo: Que se cumpriu coa finalidade da subvención.

Terceiro: Que se realizaron os gastos que se relacionan nesta conta xustificativa:

JULIA BARBOSA SÁNCHEZ - DIRECCIÓN CIM	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa) sociais	Data pagamento	Total período 1
abr-24	3.703,62 €	26/04/2024	1.120,13 €	31/05/2024	4.823,75 €
may-24	3.703,62 €	28/05/2024	1.120,13 €	28/06/2024	4.823,75 €
jun-24	7.055,60 €	26/06/2024	1.120,13 €	31/07/2024	8.175,73 €
jul-24	4.289,40 €	26/07/2024	1.276,93 €	30/08/2024	5.566,33 €
ago-24	3.777,68 €	28/08/2024	1.142,53 €	30/09/2024	4.920,21 €
sep-24	3.777,68 €	26/09/2024	1.142,53 €	31/10/2024	4.920,21 €
oct-24	3.777,68 €	29/10/2024	1.142,53 €	29/11/2024	4.920,21 €

nov-24	3.777,68 €	28/11/2024	1.142,53 €	31/12/2024	4.920,21 €
TOTAIS	33.862,96 €		9.207,44 €		43.070,40€

JOSÉ MANUEL VALDIVIA MORENO - PSICÓLOGO	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa)	sociais	Data pagamento	Total período 1
abr-24	1.322,57 €	26/04/2024	400,68 €		31/05/2024	1.723,25 €
may-24	1.322,57 €	28/05/2024	400,68 €		28/06/2024	1.723,25 €
jun-24	2.535,13 €	26/06/2024	400,68 €		31/07/2024	2.935,81 €
jul-24	1.531,97 €	26/07/2024	456,82 €		30/08/2024	1.988,79 €
ago-24	1.349,02 €	28/08/2024	408,70 €		30/09/2024	1.757,72 €
sep-24	1.349,02 €	26/09/2024	408,70 €		31/10/2024	1.757,72 €
oct-24	3.188,69 €	29/10/2024	970,50 €		29/11/2024	4.159,19 €
nov-24	3.188,69 €	28/11/2024	970,50 €		31/12/2024	4.159,19 €
TOTAIS	15.787,66 €		4.417,26 €			20.204,92 €

ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ - AX. IGUALDADE	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa)	sociais	Data pagamento	Total período 1
abr-24	3.256,35 €	26/04/2024	-1.803,18 €		31/05/2024	1.453,17 €
may-24	3.256,35 €	28/05/2024	-1.895,70 €		28/06/2024	1.360,65 €
jun-24	6.256,86 €	26/06/2024	-1.803,18 €		31/07/2024	4.453,68 €
jul-24	3.771,21 €	26/07/2024	-1.904,76 €		30/08/2024	1.866,45 €
ago-24	3.321,47 €	28/08/2024	-490,65 €		30/09/2024	2.830,82 €
sep-24	3.321,47 €	26/09/2024	-1.803,18 €		31/10/2024	1.518,29 €
oct-24	3.321,47 €	29/10/2024	-1.895,70 €		29/11/2024	1.425,77 €
nov-24	3.321,47 €	28/11/2024	-1.803,18 €		31/12/2024	1.518,29 €
TOTAIS	29.826,65 €		-13.399,53 €			16.427,12 €

PAULA RODRIGUEZ BELTRAN - AXENTE IGUALDADE	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa)	sociais	Data pagamento	Total período 12
abr-24						
may-24						
jun-24	1.402,80 €	26/06/2024	516,16 €		31/07/2024	1.918,96 €
jul-24	3.094,17 €	26/07/2024	1.138,47 €		30/08/2024	4.232,64 €
ago-24	3.066,12 €	28/08/2024	1.128,16 €		30/09/2024	4.194,28 €
sep-24	3.066,12 €	26/09/2024	1.128,16 €		31/10/2024	4.194,28 €
oct-24	3.066,12 €	29/10/2024	1.128,16 €		29/11/2024	4.194,28 €
nov-24	3.066,12 €	28/11/2024	1.128,16 €		31/12/2024	4.194,28 €
TOTAIS	16.761,45 €		6.167,27 €			22.928,72 €

ANUALIDADE 2025

JULIA BARBOSA SANCHEZ-DIRECCION CIM	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa)	sociais	Data pagamento	Total período 2
dic-24	7.196,72 €	19/12/2024	1.142,53 €		31/01/2025	8.339,25 €
ene-25	3.777,68 €	30/01/2025	1.146,44 €		28/02/2025	4.924,12 €
feb-25	3.777,68 €	27/02/2025	1.146,44 €		31/03/2025	4.924,12 €
mar-25	3.777,68 €	27/03/2025	1.146,44 €			4.924,12 €
TOTAIS	18.529,76 €		4.581,85 €			23.111,61 €

JOSÉ MANUEL VALDIVIA MORENO - PSICÓLOGO	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa)	sociais	Data pagamento	Total período 2
	dic-24	5.006,09 €	19/12/2024	970,50 €	31/01/2025	5.976,59 €
	ene-25	3.188,69 €	30/01/2025	973,82 €	28/02/2025	4.162,51 €
	feb-25	3.188,69 €	27/02/2025	973,82 €	31/03/2025	4.162,51 €
	mar-25	3.188,69 €	27/03/2025	973,82 €		4.162,51 €

TOTAIS		14.572,16 €		3.891,96 €		18.464,12 €
--------	--	-------------	--	------------	--	-------------

ADRIANA BELOSO RODRIGUEZ-AXENTE IGUALDADE	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa) sociais	Data pagamento	Total período 2
dic-24	6.382,00 €	19/12/2024	-1.895,70 €	31/01/2025	4.486,30 €
ene-25	3.321,47 €	30/01/2025	-1.892,37 €	28/02/2025	1.429,10 €
feb-25	3.321,47 €	27/02/2025	-1.614,79 €	31/03/2025	1.706,68 €
mar-25	3.321,47 €	27/03/2025	-1.892,37 €		1.429,10 €
TOTAIS	16.346,41 €		-7.295,23 €		9.051,18 €

PAULA RODRIGUEZ BELTRAN - AXENTE IGUALDADE	Retribucións íntegras	Data pagamento	Cotizacións (empresa) sociais	Data pagamento	Total período 2
dic-24	5.710,97 €	19/12/2024	1.128,16 €	31/01/2025	6.839,13 €
ene-25	3.066,12 €	30/01/2025	1.131,36 €	28/02/2025	4.197,48 €
feb-25	3.066,12 €	27/02/2025	1.131,36 €	31/03/2025	4.197,48 €
mar-25	3.066,12 €	27/03/2025	1.131,36 €		4.197,48 €
TOTAIS	14.909,33 €		4.522,24 €		19.431,57 €

- Que asemade se realizaron os gastos de contratación externa dunha avogada, para realizar as funcións de asesoría xurídica, que de seguido se detallan:

CONTRATACIÓN EXTERNA

posto/nome	Nº factura	Importe	Data emisión	Data pago/ recoñ. obriga
Ase.Xuríd./ María Pérez Padrón				
ANUALIDADE 24				
abr-24	04/24	1041,81	30/04/24	31/05/24
may-24	05/24	1041,81	31/05/24	22/07/24
jun-24	06/24	1041,81	01/07/24	07/08/24
jul-24	07/24	1041,81	31/07/24	02/09/24
ago-24	08/24	1041,81	01/09/24	28/10/24
sep-24	09/24	1041,81	30/09/24	05/11/24
oct-24	10/24	1041,81	04/11/24	17/12/24
nov-24	11/24	1041,81	03/12/24	17/01/24
ANUALIDADE 25				
dic-24	01/25	1041,81	03/01/25	14/03/25
ene-25	F24	1041,81	31/01/25	17/02/25
feb-25	02/25	1041,81	06/03/25	24/03/25
mar-25	03/24	1041,81	31/03/24	07/04/25

SPAD

PRP2025/1314

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do galardón “PREMIO NECORA DE ORO” concedido unánimemente ao SPAD (Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencia) de Vilagarcia de Arousa polo Patronato da Fundación Galega contra o Narcotráfico (FGCN) en recoñecemento á importancia da súa sobresaliente labor no ámbito da asistencia e atención as persoas adictas.

Facendo énfase ao mérito e a alta relevancia da labor psicosanitaria desenvolvida polos equipos profesionais que conforman a unidade.

Dito premio será entregado o 30 de abril de 2025 na Gala Anual de la FGCN no salón Principal do Auditorio Municipal de Vilagarcia de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2025/1280

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2025, acordou, entre outros asuntos, aprobar as seguintes: BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 DO PROGRAMA “+MÚSICA” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA PROFESIONAL EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso e o fomento da cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas. A finalidade do Programa +Música é contribuír á programación cultural dos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, a través da posta a disposición de actuacións musicais profesionais de grupos inscritos no Catálogo de grupos +Música, co obxectivo de contribuír na difusión e o fomento da cultura galega, promovendo a reputación da nosa provincia como destino cultural.

As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

- A Deputación de Pontevedra aboará o 100% do caché do espectáculo dos grupos ou artistas, previa tramitación do expediente de contratación correspondente.
- O concello aboará a produción das actuacións (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento).

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa solicitaronse dous grupos para o 24 de maio de 2025, no marco das festas de Santa Rita e coa seguinte orde de prelación:

